

IX CERTAME DE RELATOS

VIGO HISTÓRICO

Prazo de entrega

31 · 03 · 2022 / 01 · 07 · 2022

Bases: www.editorialelvira.com

+info: certamenvigohistorico@gmail.com



**CONCELLO
DE VIGO**



FUNDACIÓN
igualARTE





1. Presentación do certame: día 30 de marzo de 2022, ás 11 h. na Casa Galega da Cultura (praza da Princesa 2, Vigo).
2. Prazo de presentación dos relatos: dende o día 31 de marzo 2022 ata o día 1 de xullo de 2022.
3. Comunicación de gañadores/as e relatos seleccionados: farase pública entre os días 29 de setembro e 7 de outubro de 2022.
4. Entrega de premios e presentación do libro: realizarase nunha data a determinar a finais do presente ano.

5. Poderá participar no certame calquera persoa maior de idade, de calquera nacionalidade e residente en España ou no estranxeiro, con obras escritas en galego ou castelán.

6. O tema será libre.

7. A acción ten que transcorrer en Vigo, sendo a cidade parte transcendental do relato, un elemento destacado, como o son as personaxes ou a trama. O incumprimento deste punto invalida a participación no certame.

8. As obras serán inéditas, non premiadas en ningún outro concurso, non publicadas en soporte físico e/ou dixital, nin suxeitas a compromiso de edición.

9. Unha vez que o relato teña sido admitido para concursar no certame non se poderá dispoñer del para ningún tipo de publicación ata o día despois do anuncio na páxina web da editorial do grupo dos relatos seleccionados para a súa publicación, que se realizará, como máximo, dende a data da resolución ata mediados do mes de novembro.

10. Aqueles autores/as cuxas obras teñan sido premiadas ou seleccionadas para formar parte do libro *Relatos na rúa*, coas condicións que se indican no apartado 18 destas bases, non poderán dispoñer delas para ningún tipo de publicación ata terse presentado o libro, acto que terá lugar nunha data a determinar a finais do presente ano.

11. Admitirase só un texto por autor/a, cunha extensión máxima de 4 páxinas por unha cara (ou o equivalente a 8.000 caracteres con espazos), en formato DIN A4, tipo de letra Times New Roman, tamaño de fonte 12 e interliñado 1,5. As obras teñen que ser presentadas en formato Word e serán rexeitadas todas aquelas que incumpran estes requisitos.

12. Os orixinais deberán presentarse por correo electrónico á seguinte dirección: **certamenvigohistorico@gmail.com** e incluíranse dous arquivos:

Arquivo un, que conterá o relato presentado ao concurso e que terá como nome o título do relato e o pseudónimo do autor/a (Título del Relato - Pseudónimo.doc).

Arquivo dous, que terá como nome o título do relato, o pseudónimo do autor/a e a palabra PLICA (Título do Relato - Pseudónimo - PLICA.doc) e que conterá todos os datos persoais do autor/a: nome e apelidos, D.N.I. ou documento identificativo do país ao que pertence o concursante, dirección completa incluído o país, teléfono e dirección de correo electrónico.

13. Todos os relatos presentados recibirán a notificación da súa recepción a través do mesmo medio polo que se ten enviado e non se manterá máis contacto co autor/a ata a finalización do concurso, agás que o relato resulte premiado ou elixido para ser publicado.

14. A presentación dun relato ao certame implica que o autor/a pode participar en todos aqueles actos públicos relacionados co concurso, que aparecerán anunciados na páxina web da editorial, sen necesidade de seren invitados/as particularmente.

15. O autor/a, só polo acto de enviar un relato ao concurso, faise responsable de que a obra é orixinal e da súa propiedade, asumindo a responsabilidade correspondente.

16. O prazo de presentación dos relatos será dende as cero horas do día 31 de marzo ata as vinte e catro horas do 1 de xullo de 2022. As obras que se reciban fóra deste prazo quedarán excluídas.

17. As obras non serán devoltas aos autores/as

18. Primeiro premio ao considerado mellor relato, calquera que sexa o xénero narrativo empregado polo autor/a.

19. Segundo premio.

20. Ademais do primeiro e segundo premio poderanse outorgar ata 4 accésits.

21. Os accésits poderán quedar total ou parcialmente desertos se o xurado estima que non se acada un nivel para semellante recoñecemento.

22. Editorial Elvira publicará un libro cos relatos gañadores, os accésits e unha selección de aqueles que, a xuízo do xurado, sexan merecedores de publicación, do cal se avisará oportunamente e coa suficiente antelación, ao amparo da Lei de Dereitos da Propiedade Intelectual (Lei 21/2014, de 4 de novembro, que inclúe o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, e a Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil), de tal modo que os autores/as, dende o momento en que

se presentan a este certame, outorgan de modo tácito o permiso correspondente e necesario para a posible publicación das súas obras en calquera formato e ámbito xeográfico que a Editorial Elvira estime oportuno, mesmo podendo reeditarse ou formar parte dalgunha recompilación posterior se a mencionada editorial o considera oportuno, sen que por isto exista dereito a contraprestación económica ou material nin dereito de reclamación ningunha, posto que a publicación tamén se considera coma un premio e un recoñecemento á capacidade creativa do autor.

23. O primeiro premio consistirá en 1.000,00 euros (mil euros) dos que se deducirán automaticamente as retencións que estipula a lei e un lote de libros pertencentes a Editorial Elvira, valorado en 200 euros e composto por unha colección de poesía e prosa.

24. O segundo premio consistirá en 500,00 euros (cincocentos euros) dos que se deducirán automaticamente as retencións que estipula a lei e un lote de libros pertencentes a Editorial Elvira, valorado en 200 euros e composto por unha colección de poesía e prosa.

25 Cada accésit terá un premio de 200 euros (douscentos euros) dos que se deducirán automaticamente as retencións que estipula a lei e un lote de libros pertencentes a Editorial Elvira, valorado en 200 euros e composto por unha colección de poesía e prosa.

26. Os gañadores/as, os autores/as galardoados/as con accésit e o resto dos autores/as seleccionados/as recibirán dous exemplares gratuítos do libro resultante.

27. Os gañadores/as, os galardoados/as con accésit e os demais autores/as seleccionados/as para a publicación dos seus relatos gozarán dun desconto do 25% para a adquisición de exemplares do libro resultante.

28. Os gañadores/as, os galardoados/as con accésit e os demais autores/as seleccionados/as para a publicación dos seus relatos gozarán dun desconto do 25% para a adquisición de exemplares do libro resultante.

29. Os organizadores do certame resérvanse o dereito de eliminar aqueles relatos enviados que non cumpran algún dos requisitos expostos nas bases.

30. Os organizadores do certame resérvanse o dereito de tomar as decisións que consideren oportunas, segundo se desenvolva o mesmo, tales como suspendelo por causas de forza maior alleas á organización, ou anulalo no caso de que no haxa unha participación que se considere minimamente aceptable.

31. O xurado estará formado por un grupo de persoas vencelladas ao ámbito literario e cultural e a súa composición darase a coñecer na presentación do certame.

32. A súa resolución será inapelable e darase a coñecer entre os días 29 de setembro e o 7 de outubro de 2022.

33. Aos gañadores/as e seleccionados/as para a publicación da súa obra comunicaráselles persoalmente a resolución do xurado.

34. Os gañadores/as e accésits aparecerán na páxina **<http://www.editorialelvira.com>** os días posteriores á resolución do xurado.

35. Dende a data da resolución e ata mediados de novembro, como máximo, Editorial Elvira porase en contacto con aqueles autores/as cuxos relatos teñan sido seleccionados para seren publicados. Ademais tamén se divulgará na nosa páxina web a listaxe dos devanditos relatos e autores/as.

36. Os membros do xurado e os seus familiares non poderán presentarse ao concurso.

37. A participación neste certame implica a aceptación das presentes bases.



